



BASES DO CONCURSO



O Concello de Begonte, co motivo da celebración do Día do Libro o próximo 23 de abril, convoca o “III Concurso de Marcapáxinas”. Os marcapáxinas premiados imprimiranse e distribuiranse nos Colexios, ós usuarios da Casa da Cultura e no propio Concello.

1. PARTICIPANTES

Poderán participar todos aqueles nenos/as interesados/as en idade escolar , ata 18 anos (inclusive).

2. TEMA

O tema do marcapáxinas terá que tratar sobre calquera aspecto relacionado coa lectura.

3. TÉCNICA

A técnica é libre, podéndose utilizar pinturas, témperas, rotuladores, ceras, acuarelas, goma espuma, cintas, botóns, madeira, feltro, etc, quedando prohibido os deseños dixitais e impresos de calquera tipo.

Cada participante poderá presentar un só traballo, por unha cara, e as dimensións **non poderán exceder** de 22 cm. de alto x 7 cm de ancho.

5. DATA DE ENTREGA

Os traballos entregaranse nas oficinas do Concello de Begonte, ou na Casa da Cultura ata o **7 Abril do 2014, inclusive.**

6. REQUISITOS

Os traballos deberán ser obras orixinais, e que non fosen presentados en ningún outro concurso con anterioridade.

O/A participante entregará o traballo nun sobre pechado. No exterior do sobre indícarase “III Concurso de Marcapáxinas” e a categoría na que participa. No interior, xunto co marcapáxinas incluírase a ficha de inscrición e a autorización asinada polo pai/nai ou titor.

7. CATEGORIAS

Establécense 3 categorías:

- A- De 3 a 6 anos
- B- De 7 a 12 anos
- C- De 13 a 18 anos

8. XURADO DE VALORACIÓN

O xurado encargado de valorar e decidir sobre os traballos premiados estará constituído por un/unha representante de cada un dos grupos políticos da corporación municipal, a Técnico en Animación Sociocultural e un asesor relacionado coas artes plásticas.

9. CRITERIOS DE VALORACIÓN DO XURADO

O xurado á hora de valorar terá en conta os seguintes criterios :

- * Orixinalidade da idea.
- * Adaptación da técnica á idade do autor.
- * Calidade técnica do traballo.

10. FALLO DO XURADO

O xurado, constituído ao efecto, elexirá un traballo por cada categoría. O fallo do xurado será inapelable, unha vez fallado o concurso, farase público a través da web do Concello.

11. PREMIOS

Os premios consistirán nunha medalla, entrega de 10 marcapáxinas impresos e un vale canxeable por material didáctico valorado nos seguintes importes:

CATEGORÍA	PREMIO
De 3 a 6 anos	30€
De 7 a 12 anos	30€
De 13 a 18 anos	30€

A entrega dos premios terá lugar na Casa de Cultura de Begonte, coincidindo coa celebración do Día do Libro, o 21 de Abril do 2014.

Os traballos presentados no Concurso expoñeranse nas dependencias da Casa da Cultura entre o 14 de Abril e o 1 de Maio do 2014.

12. ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación nesta convocatoria supón a aceptación das presentes bases, que poderán ser interpretadas polo Xurado avaliador naqueles aspectos non previstos nas mesmas.

13. CESIÓN DE DEREITOS DE AUTOR

O Concello de Begonte adquire os dereitos de reprodución, explotación e exposición das obras que se presentan. Non obstante, comprométese a devolver os traballos non premiados a petición do interesado.

Os traballos poderán ser retirados no Concello a partir do 1 de Xuño do 2014.